

1º BAC ..HISTORIA....O HOLOCAUSTO (SHOAH)

Este é un tema difícil de tratar pola súa complexidade e porque nos parece inverosímil o acontecido. O exterminio dos xudeus (non só xudeus) polos nazis durante a II Guerra Mundial é, probablemente, o momento máis dramático da historia recente.

Aínda que difícil, tentaremos de aproximarnos a este suceso histórico.

Temos moita información previa sobre este tema. Por películas (La lista de Schindler, El pianista, ...), obras literarias (El diario de Ana Frank, El niño con el pijama de rayas,...), series de tv, comics...en xeral, é un tema bastante presente na cultura popular.

Este primeiro acercamento será obxectivo, o punto de vista dos verdugos. A vinderira semana veremos o testimonio das vítimas.

Lemos as páxinas 300-301/**236-238** do libro de texto e contestamos

CUESTIONARIO

- 1) Ademais dos xudeus, que outros grupos foron recluídos/exterminados polos nazis nos campos?
- 2) Cantos xudeus morreron nos campos?
- 3) Cita os principais campos de exterminio (ben escritos, por favor!!)
- 4) Explica o beneficio económico obtido dos prisioneiros (25 palabras mínimo)
- 5) Que foron os xuízos de Nuremberg?

MAPA da páx. 300/**238**

- 6) En que país estaban situados os principais campos? Por que?

DOC. 27/**DOC. 25** (Testimonio de Rudolph Höss, comandante de Auschwitz)

O seu testimonio é aterrador, pero conciso e frío. Fala de cifras, de eficacia. Fai unha análise obxectiva e fría do sistema de exterminio nos campos.

- 7) Cifras. Cantos prisioneiros morreron en Auschwitz?
- 8) Os que se salvaron foi por...
- 9) Cantos foron executados? Cantos morreron por outras causas?
- 10) Que significa "solución final"?
- 11) Cal foi o método de execución planeado por Rudolf Höss? (20 palabras mínimo)
- 12) Que era o ciclón B?
- 13) Como se facía a selección dos prisioneiros? (20 palabras mínimo)
- 14) Cal era o destino dos nenos e nenas?

Para enviar antes das 24:00 do venres 4 de maio

endereço electrónico: ajrpantin@edu.xunta.es